

# O ensino primario en Betanzos: 1839-1844

PILAR MORANDEIRA ROEL\*

## INTRODUCCIÓN

Entre o "Reglamento General de Instrucción Pública" de 1821 e a primeira "Lei de Instrucción Pública" (*Ley Moyano*, de 1857, vixente máis de 100 anos) o ensino en España estivo encauzado por varios plans, regulamentos, "arreglos", decretos e mesmo leis que só estiveron vixentes uns días (Plan Duque de Rivas) (1). No século XIX español a educación xirou na órbita da política e da inestabilidade conseguinte, de tal xeito que os cambios continuos desta víronse reflexados naquela.

Despois de ser devolta a competencia educativa ás Cortes pola Constitución de 1837, os moderados derogan o Plan Duque de Rivas e plantéxanse a necesidade de sacar á luz un plan de instrucción xeral que servise para relegar ó esquecemento os plans de Calomarde. Publícase, en consecuencia, a **Lei de 21 de xullo de 1838** que estivo vixente máis de 20 anos (ata a publicación da *Ley Moyano* no 1857).

Nesa Lei de 1838 aparecen reflexadas

as ideas dos moderados españois da época. Establece, entre outras cousas, a financiación da escola primaria pública polos concellos, os requisitos para a creación das escolas privadas, o nomeamento dos mestres, etc.

## ESCOLAS DE PRIMEIRAS LETRAS NO BETANZOS DE 1839

No 1839, asinada a paz da Primeira Guerra Carlista, baixo a rexencia de Dona María Cristina aparece publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña unha circular do Goberno Político na que se indica o que sigue:

*"Siendo indispensable para cumplir con una orden de la dirección general de estudios, formar un estado comprensivo del número de escuelas de primeras letras de la provincia, maestros y demás circunstancias contenidas en el modelo adjunto, ha acordado la comisión provincial de instrucción primaria circularlo á las comisiones locales y á los ayuntamientos donde aun estas no se hallen instaladas para que sirvan á la brevedad posible enviar á la*

\* Pilar Morandeira Roel é Mestra de E.XB. no Colexio Público "Vales Villamarín" de Betanzos, Diplomada en Ciencias Biolóxicas e Licenciada en Pedagogía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente está a realiza-los cursos de doctorado.

(1) Para tódalas referencias ás disposicións legislativas citadas no traballo, véxase: MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA. *Historia de la Educación en España, II, De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*. Madrid, 1979.

provincial las noticias que de sus respectivos distritos se desean según el modelo. Coruña 11 de noviembre de 1839."

Os datos que nesta circular se piden son, entre outros: número de escolas públicas e privadas co número de alumnos que a elas concurren, diferenciando as idades dos mesmos e mestres e mestras, examinados ou non "con espresión de sus nombres ..." (2).

As respostas dadas pola cidade de Betanzos son o obxecto do presente traballo e sírvennos para aproximarnos ó estado do ensino primario nesta cidade, analizado á luz do "Plan de Instrucción Primaria" de 1838 que era o que estaba vixente naquel intre.

No 1839 a cidade de Betanzos, cun censo de 4.210 habitantes, aparecía dividida en cinco barrios (división antiga, por outra parte): O Campo, A Ponte Vella, A Ribeira, San Francisco e A Rúa Nova. E contaba coas seguintes escolas de primeiras letras, que, de entrada, tiñan reflexo no Título I, art. 1 do citado Plan: "*La instrucción primaria es pública y privada.*"

### Escolas públicas no 1839

Defínense no Título I, art. 2: "*Se reputarán públicas aquellas escuelas que estén sostenidas por los fondos públicos de los pueblos. También se considerarán como públicas las escuelas gratuitas pagadas enteramente por los legados, obras pías ó fundaciones.*"

O número de escolas públicas por número de habitantes está regulado no Título II, art. 7 no que se di: "*Todo pueblo que llegue a 400 vecinos estará obligado á sostener una escuela primaria ele-*

*mental completa.*"

1.- **Escola pública elemental, completa, mixta e perpetua.** Esta escola estaba a cargo de Don Andrés del Río y Vidal (nomeado e pagado polo Concello). Tiña título de mestre da Xunta Superior do Reino desde 1830.

A ela acudían un total de 50 alumnos dos que 23 nenos e 3 nenas tiñan de 3 a 10 anos, e 21 nenos e 3 nenas eran maiores de 10 anos.

Foi a primeira escola pública de Betanzos (data de 1808). Estaba situada nunha celda do Convento de San Francisco.

O material escolar fora mercado polo Concello e os libros dos nenos polos seus respectivos pais.


2.- **Escola pública e perpetua de nenas a cargo de Dona María Ullá de Cárdenas** (cunha axudanta). Esta mestra posee Real Título de primeira clase. Fora nomeada polo Concello e estaba situada no Colexio de Orfas da Cidade.

Nesta escola apréndese a ler, escribir, contar e ademais "*todas las demás labores propias de su sexo.*"

Acudían a ela un total de 48 nenas das que 29 tiñán entre 3 e 10 anos e 19 tiñan máis de 10 anos. Destas 48 nenas, 28 eran "*pobres puestas por el Ilustrísimo Ayuntamiento de esta Ciudad.*"

O establecemento de escolas para nenas ven recollido no Título VIII, que no seu art. 35 di: "*Se establecerán escuelas separadas para las niñas, donde quiera que los recursos lo permitan, acomodándose la enseñanza de estas escuelas á las*

(2) "Noticia dada á la Comisión Provincial de Instrucción pública, por la Junta local de este distrito del numº de Escuelas y demás datos que contiene la circular del Sr. Gobernador; año 1839; consta de 22 folios". Arquivo Municipal de Betanzos, serie *Estadística escolar*.



"La salida de la escuela". Grabado de "La Ilustración Gallega y Asturiana", t. III, Madrid, 28-XI-1881.

*correspondientes elementales y superiores de niños, con las modificaciones, sin embargo, que exige la diferencia de sexo."*

O relativo ó nomeamento dos mestres desenrólase no Título IV, art. 23: "El nombramiento de maestros corresponde á los respectivos Ayuntamientos de los pueblos; pero los agraciados no podrán entrar en el ajercicio de sus funciones sin la prévia aprobación del Jefe político, quien deberá oír al efecto á la Comisión provincial".

Estes mestres debían cumprir unha serie de requisitos tal e como aparece no Título II, art. 13: "Para ser nombrado maestro de escuela primaria elemental completa se necesita:

- Tener veinte años de edad cumplidos.
- Haber obtenido el correspondiente título, previo examen.
- Presentar una certificación del Ayuntamiento y cura párroco de su domicilio, en la que acredite su buena conducta.

Reconócenselles unha serie de dereitos que aparecen no Título II, art.15: "A todo maestro de escuela primaria pública se le suministrará:

- Casa ó habitación suficiente para sí y su familia.
- Sala ó pieza á propósito para la escuela, con el preciso menaje para la enseñanza.
- Un sueldo fijo, que no podrá ser menos de 1.100 reales anuales para una escuela primaria elemental, y 2.500 para una escuela superior; sin tomar en cuenta para estos sueldos mínimos las retribuciones de los niños.

El sueldo podrá ser en metálico, ó en gramos ú otra cosa equivalente, según convenio entre el interesado y el Ayuntamiento.

Los pueblos deberán aumentar el sueldo fijo, según sus recursos, para proporcionarse maestros más instruidos."

### Escolas privadas no 1839

O Título V, art. 25 di ó respecto: "*Todo español de edad de veinte años cumplidos... puede establecer de su cuenta y dirigir escuela ó casa de pensión para la Instrucción primaria con las condiciones siguientes:*

- *Haber obtenido título de maestro correspondiente al grado de escuela que quiere establecer.*

- *Presentar á la autoridad civil local una certificación de buena conducta en los términos que previene el art. 15.*

- *Participar por escrito á la misma autoridad la casa donde piense colocar su establecimiento*".

En Betanzos coñecemos as seguintes escolas privadas:

1.- **Escola temporal de ensino libre de nenos a cargo do mestre Don José María Carro** "*profesor de primeras letras de primera Clase, Geometría y Aritmética con Real Título en la que enseña la Caligrafía, Gramática Castellana, Aritmética, Geometría, Historia de España, Geografía y Urbanidad*".

Acudían a esta escola 30 nenos; 20 de 3 a 10 anos e 10 maiores de 10 anos.

2.- **Escola temporal de Don Antonio Miranda.** Non ten título de ningún tipo.

A ela acuden 36 nenos de "*leer, escribir e contar*". Destes, 32 teñen de 6 a 10 anos e 4 máis de 10 anos.

3.- **Escola particular de primeiras letras de Don Cesar Pequeño** que posee Real Título desde o 17 de xuño de 1837.

A ela acuden 17 alumnos; 5 de 3 a 10 anos e 12 de máis de 10 anos.

4.- **Escola particular de Don Victoria-**

**no Leira,** mestre de nenos/as con Real Título de primeira clase desde o 22 de abril de 1831.

A esta escola acuden 49 alumnos en total, 36 nenos e 13 nenas.

Os nenos son: 15 de 3 a 10 anos e 21 de máis de 10 anos, e as nenas son 10 de 3 a 10 anos e 3 de máis de 10 anos.

5.- **Escola particular de Don Juan Leal para nenos/as.** Non ten título de ningunha clase.

Acuden a ela un total de 57 alumnos: 36 nenos e 2 nenas de 5 a 10 anos e 19 nenos que teñen máis de 10 anos.

6.- **Escola de nenas/os de Dona María Gómez Piñeiro.**

Acuden a esa escola 14 nenas de 3 a 9 anos e 9 nenos de 3 a 6 anos.

En total ten 23 alumnos/as.

7.- **Escola particular de Dona Antonia Irimy.** Non posee ningún título. Acuden a ela 14 nenas, 6 de 4 a 10 anos e 8 de 10 a 15 anos. Aprenden a coser, calcetar, bordar e planchar.

### ESCOLAS DE PRIMEIRAS LETRAS NO BETANZOS DE 1844

Debido á falta de documentación non nos é posible coñecer con exactitude o censo de habitantes que tiña a cidade de Betanzos no 1844, pero si no ano 1842. Nesta data, segundo o Padrón Municipal, había na cidade 4.593 habitantes.

O ano 1844 pertence á chamada "Década Moderada" (1843-1854) na que Isabel II é declarada maior de idade despois da Rexencia de Espartero (1841-1843).

Aínda que proviña dun goberno libe-

ral, baixo os moderados seguiu vixente, no que respecta ó ensino primario, a Lei de 1838, por máis que para regular o ensino secundario e universitario nacería o *Plan Pidal* no 1845.

No 1844 aparece referencia ás seguintes escolas na cidade de Betanzos (3):

### Escolas públicas no 1844

1.- Escola de nenos pública e perpetua da cidade a cargo de Don Juan Francisco Rodríguez Ocampo, con título, casado e maior de 44 anos. Recibe unha retribución de 4.400 reais/ano.

Concurren a ela 98 nenos, dos que 80 fano gratuitamente. Pagan 18 nenos. Os precios que pagan éstos son: 4 r/mês desde lectura a quebrados, 8 r/m. os de Gramática e Aritmética e 41 r/m. os de Geografía e Historia Sagrada.

Esta escola ten edificio propio e nel vive tamén o mestre.

2.- Escola de nenas da cidade, elemental, completa e perpetua a cargo de Dona María Ullá de Cárdenas maior de 42 anos, viuda con título de primeira clase desde 1828.

A ela acuden de 35 a 40 alumnas das que 25 fano gratuitamente e de 15 a 20 pagan unha mensualidade que a Comisión Local do Concello fixou en 4 r/m. por lectura e calceta, 6 por escribir e coser e 8 por contar hasta quebrados e todo tipo de bordados.

A mestra recibe ó ano 840 r., 58 ferrados de trigo, 37 ferrados de centeo, 12 ferrados de mainzo, 2 carros de leña e 2 galiñas o que terá un valor aproximado de 830 reais.

A escola ten edificio propio e a mestra vive nel.

### Escolas privadas no 1844

1.- Escola de primera educación de Don Andrés del Río, mestre con título. De 48 anos, casado. Ten unhas retribucións de 340 r/ano.

Esta escola é elemental, completa, particular e temporal. É de nenos, pero admite os dous sexos.

Acuden a ela 35 nenos que pagan de 3 a 4 r/m.

A escola está situada nunha habitación da casa do mestre.

2.- Escola de primeira educación de Don José Morales, mestre de 33 anos, casado e con título.

Esta escola é elemental, con nota de superior, particular e temporal. É de nenos pero admite os dous sexos.

Ten 30 alumnos dos que 1 acude a ela gratuitamente e 29 pagan 8 r/m., o que lle produce ó mestre uns 400 r/ano de retribución.

A escola está situada nunha habitación da casa do mestre.

3.- Escola completa elemental, particular, perpetua de Don Gregorio Pérez Arango, de 30 anos, casado e con título.

A esta escola acuden 53 nenos dos que pagan 47 unha mensualidade que vai de 4 a 10 r/m. Isto repórtalle ó mestre 1460 r/ano.

O local esta situado na casa do mestre.

4.- Escola de primeira educación, par-

"Noticia remitida por este Ayuntamiento al Señor Gobernador sobre el número de establecimientos de Instrucción pública que existen en este distrito, su clase, número de alumnos que asisten á los mismos y materias que se enseñan; consta de 9 folios". Archivo Municipal de Betanzos, serie *Estadística escolar*.

**ticular, temporal, de Don Victoriano Leira** de 52 anos, casado e con título de segunda clase.

A ela acuden 14 nenos e 6 nenas, dos que 4 concurren gratuitamente e 16 pagan unha mensualidade que vai de 2 a 4 r/m o que lle produce o mestre 320 r/ano.

O local esta situado na casa do mestre.

#### 5.- Escola privada de nenas de Dona Benita e Dona Antonia Irimy.

A ela acuden 30 nenas que aprenden a coser, bordar e "*mas labores propios del Bello sexo además de leer, escribir y doctrina cristiana*".

#### 6- Clases temporales, privadas de Dona Antonia e Dona Brigida Baylina.

A elas acudían un número variable de nenas que aprendían "*conocimientos mugeriles*"

Estas dúas irmáns non vivían do que lles reportaban as clases que impartían. Dedicábanse a outros mesteres.

## CONCLUSIONES

Pódese dicir que tal e como se di no referido Plan vixente había en Betanzos, tanto no 1839 como no 1844, escolas públicas e privadas. A elas concurrían, no 1839, un total de 324 alumnos e no 1844, 306 alumnos. A variación do número de alumnos non é significativa como tampouco o é a variación do censo (4.210/4.593) debido ó curto intervalo no que nos movemos (samente 5 anos).

As idades dos alumnos ían desde os 3 anos ata máis de 10, pero non se especi-

fica en ningún caso a idade límite superior.

Se temos en conta o número de escolas privadas que había, a lexislación vixente e o censo de habitantes, pódese dicir que o número de escolas públicas era claramente insuficiente.

Polo que respecta ós mestres de escolas públicas, nomeados e pagados polo Concello, os dous tiñan título de mestres tal e como esixía a lexislación vixente.

O feito de que estes mestres "*no podrán entrar en el ejercicio de sus funciones sin la previa aprobación del Jefe Político, quien deberá oír al afecto á la Comisión provincial*" indícanos unha clara centralización do control exercido pola autoridade con respecto ás escolas públicas e os seus mestres.

Dos 7 mestres que tiñan escolas privadas no 1839, 3 posuían título e 4 non. En 1844, con 6 escolas privadas, 4 tiñan título e 2 non.

Como dato que se repite cabe destacar que as mestras das escolas privadas de nenas non tiñan título en ningún dos dous anos obxecto de análise. Parece claro que a sociedade non se mostraba tan esixente coa instrución das nenas coma coa dos nenos. Aquelas ían á escola aprender "*conocimientos mugeriles*", éstes a ler, escribir e contar.

Polo que respecta ó pago dos mestres é preciso destacar o que recibe a mestra de nenas no 1844; en cartos e en especies (trigo, centeo, maízo...) feito que non aparece reflexado en ningún outro caso aínda que si aparece recollido na lexislación vixente no Título II art. 15 onde se di que "*... el sueldo podrá ser en metálico, o en gramos ú otra cosa equivalente, según convenio entre el interesado y el Ayuntamiento...*". ♦